

SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-3] IGAEM
- [4] Centro Coreográfico Galego
- [5-6] Centro Dramático Galego
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-9] AXENDA
- [10-12] ALERTA!
- [13] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

O SECTOR TEATRAL GALEGO CRECEU EN 2007 UN 16 POR CENTO

ESTA PORCENTAXE ELÉVASE AO 33 POR CENTO NO CASO DO TEATRO DE MONICREQUES

O NÚMERO DE COMPAÑÍAS QUE FACTURARON MÁIS DE 100.000 EUROS TRIPLICÓUSE RESPECTO DE 2005

O ritmo anual de crecemento económico das compañías teatrais galegas supera o 16 por cento, chegando ao 33 por cento no caso do teatro monicreques, segundo os ingresos de explotación rexistrados polos grupos programados en 2007 na Rede Galega de Teatros e Auditorios e na Rede Galega de Salas. De acordo con estes mesmos datos, un total de 21 compañías facturaron máis de 100.000 euros durante o pasado exercicio, fronte ás 8 que conseguiran acadar esta cifra en 2005.

O balance positivo obtido neste último ano, que se deduce do informe de actividades do IGAEM e doutros estudos de investigación realizados, insírese no marco das novas políticas de apoio á escena e á música e das reformas estruturais iniciadas como camiño previo á posta en marcha da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

No devandito período entrou en funcionamento a Rede Galega de Salas, modificouse o regulamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios –cambios que se reflectiron, á súa vez, nun incremento do 2 por cento no número de espazos escénicos, do 8 por cento na programación e do 25 por cento nas dotacións económicas respecto de 2006–, subvencionáronse 17 proxectos de mellora nas dotacións técnicas dos espazos e reformulouse a convocatoria anual de axudas ao sector coa introdución das axudas bianuais, á nova creación e ao sector da maxia.

Ao conxunto das novas iniciativas dirixidas prioritariamente a favorecer a capitalización e modernización do sector, así como a articular e potenciar os mercados das artes escénicas e musicais, súmase tamén o deseño de xeito participativo e integrador do Plan Galego das Artes Escénicas, o primeiro das súas características a nivel estatal.

SECTOR MUSICAL

O sector da música, pola súa banda, é o beneficiario de novas liñas de axuda destinadas á promoción de traballos discográficos, á actuación dos nosos artistas fóra de Galiza e a impulsar a presenza de empresas musicais en feiras de carácter internacional, ademais de contar dende 2007 coa Rede Galega de Música ao Vivo e coa marca Galician Tunes, baixo a que a música galega está presente nos principais mercados europeos (Womex, Midem e Popkomm).

► EVOLUCIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

	2005			2006			2007			2008 (*)		
	SALAS	FUNCÍONS	ORZAMENTO	SALAS	FUNCÍONS	ORZAMENTO	SALAS	FUNCÍONS	ORZAMENTO	SALAS	FUNCÍONS	ORZAMENTO
RGTA	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	50	745	2.177.186,90	55	856	2.500.000,00
RGS	0	0	0,00	0	0	0,00	5	144	69.200,00	5	168	112.500,00
RGMV	0	0	0,00	0	0	0,00	48	834	380.720,00	47	603	357.558,00
Total	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	103	1.723	2.627.106,90	107	1.627	2.970.058,00

(*) Previsións orzamentarias e de programación para o exercicio 2008.

Durante 2008, e ao tempo que prepara o terreo para a entrada en funcionamento da AGADIC, o IGAEM continuará e ampliará estas liñas de traballo abertas. O labor dos próximos meses centrarase no que se refire ao progresivo aumento dos recursos financeiros de apoio ao sector –destínase un máximo de 2.120.000€ ás sete modalidades de axudas convocadas e estréase o Crédito-Cultura– e na procura dunha maior presenza da música e a danza nas súas políticas. Tamén terá carácter prioritario o esforzo nas estratexias de comunicación e captación de públicos, tendo en conta que o importante incremento canto ao volume de contratación das redes non foi acompañado dun crecemento paralelo no número de espectadores.

NOTA MEDIA DE 8

O dato anterior contrasta aínda máis cando se atende aos resultados da última enquisa de satisfacción do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios, elaborada durante o último trimestre de 2007. Nela constátase que a frecuencia de asistencia dos espectadores do teatro en galego aumenta notablemente respecto do ano anterior, ao tempo que se mantén a valoración positiva do público respecto dos espectáculos programados, cunha nota media próxima ao 8 sobre 10.

► EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN NA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

	2005	2006	2007	2008 (*)
Espazos escénicos	44	45	50	55
Gasto total	1.405.318,82	1.748.887,13	2.177.186,90	2.440.521,79
IGAEM	736.411,83	882.903,25	1.140.755,03	1.288.703,59
Outras entidades	668.906,99	865.983,88	1.036.431,87	1.151.818,20
Compañías	111	170	128	114
Espectáculos	185	229	153	147
Funcións	552	688	745	856
Media de funcións por compañía	4,97	4,05	5,82	7,51
Faturación media por compañía	12.660,53	10.287,57	17.009,27	21.408,09
Facturación media por función	2.545,87	2.541,99	2.922,40	2.919,28

(*) Último período anual completo de contratación (setembro de 2007 a xuño de 2008).

► PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE SALAS

	2007	1º SEMESTRE 2008
Compañías	38	28
Espectáculos	47	29
Funcións	144	101
Orzamento	69.200,00	60.800,00
Funcións por compañía	3,79	3,61
Orzamento por compañía	1.821,05	2.171,43
Orzamento por función	480,56	601,98

► PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

	2007	2008
Salas	48	47
Grupos	75	81
Concertos	834	603
Orzamento	380.720	357.558
Funcións por grupo	11,12	7,44
Orzamento por grupo	5.076,26	4.414,29
Orzamento por concerto	456,50	592,97

Rede Galega de Música ao Vivo
PROGRAMACIÓN CARLOS NUMEROZO DE PÉREZ

Buscador
Localidade: Todas
Sala: Todas
Grupo: Todos
[buscador avanzado] [buscar]

abril 2008
L M Tu We Th Fr Sa S D
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30

Elodio y Los Seres Queridos
[Imaxe do grupo]
[valoración]
Nº total de votos: 0
[votar]

Datos do grupo
Elodio y Los Seres Queridos
Estilo(s): Pop - Pop de autor
Representante: Eladio Santos Estévez
Enderezo: Gregorio Espino, 18 - 8º
E-mail: elodio@mundo-r.com
Páxina web: <http://myspace.com/elodioserresqueridos>

Creados en 2006, axíña publicarán o seu primeiro álbum *Esto que tienes delante*, aclamado pola crítica e os mellores autores en castelán (José Santiago, Xoel López, Iñaki Ferrero) aínda antes da súa publicación. Acadou números un e record de vistas na Internet. A canción *Exponha o las 8* foi radiada a nivel nacional durante meses e xa é un pequeno hit nos círculos da independencia na rede.

Tecno-pop con elementos acústicos. Piano, baixo, guitarra acústica, caixa de ritmos, proxeccións, minicámaras, sintetizadores.

<< Volver

WWW.MUSICAOVIVO.INFO PON A DISPOSICIÓN DOS INTERNAUTAS A AXENDA DE CONCERTOS DA RGMV

A Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) amplía a difusión da súa actividade coa posta en marcha dun novo sitio en Internet, www.musicaovivo.info, que recolle o calendario anual de concertos programados nas 47 salas de toda Galiza que integran este circuíto de distribución musical promovido polo IGAEM en colaboración coa asociación Clubtura.

A web facilita igualmente información sobre estes locais, así como sobre os 81 grupos e solistas de todos os estilos que protagonizan os máis de 570 concertos que configuran a programación 2008 da RGMV. Conta, ademais, cun apartado de documentación dende o que se pode acceder ás imaxes das bandas, consultar a normativa de funcionamento da Rede, así como descargar a versión electrónica da nova revista *Ao vivo música*, entre outro material.

Ao igual que en culturavai.info, carteleira electrónica da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, o sitio musicaovivo.info ofrece aos usuarios a posibilidade de se subscribir para recibir directamente a axenda de espectáculos, ademais de para valorar os grupos programados a través dunha votación que quedará plasmada na web nunha escala de 1 a 5 estrelas.



AMPLÍASE ATÉ O 12 DE XUÑO O PRAZO DE ADMISIÓN AOS PREMIOS LITERARIOS DO IGAEM

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o 2 de abril a convocatoria 2008 dos premios literarios no eido dramático do IGAEM –XVII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e VI Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (modalidades infantil e para adultos)–, que amplían o período de admisión de orixinais até o vindeiro 12 de xuño.

Cunha dotación económica de 6.0001 por cada premio e modalidade, a concesión dos galardóns implica a posibilidade de edición dos textos dentro das coleccións dramáticas que mantén abertas o IGAEM en réxime de coedición con distintas empresas galegas. O xurado, integrado por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e escénico (dous expertos en literatura dramática, dous elixidos entre escritores, dramaturgos, autores e adaptadores, e outros dous entre directores de escena e outros oficios teatrais) dará a coñecer o seu ditame antes do 24 de outubro.

29 DE ABRIL, DÍA MUNDIAL DA DANZA

A comunidade coreográfica internacional e os afeccionados ao baile conmemoran o Día Mundial da Danza cada 29 de abril dende 1982. Coincidindo con esta celebración, o Consello Internacional da Danza (CID) –organismo oficial integrado na Unesco– fai chegar aos profesionais do sector en 200 países a mensaxe oficial que asina o seu presidente, Alkis Raftis.

Os gobernos, os patrocinadores e os medios centran o noso interese este ano.

Os gobernos (nacionais, rexionais ou locais), os patrocinadores (privados ou públicos) e os medios (xornais, revistas, radio, televisión) son os tres factores máis importantes que afectan a práctica da nosa arte. Os profesionais da danza loitan individualmente por achegarse a eles, con pobres resultados. Propoñemos un xeito mellor: a través das seccións do CID, que representan todas as formas de baile, todos os seus niveis, todas as súas funcións.

Convido a todos os bailaríns a afiliarse ao Consello Internacional da Danza e a formar seccións do CID. Estas seccións poderán xestionar asuntos xerais que afectan á danza. A través delas, como entidades oficialmente recoñecidas, todos os bailaríns poden asegurar mellores condicións para a práctica da súa arte. Poderán conseguir regulacións axeitadas dos gobernos, o apoio adecuado dos patrocinadores e unha visibilidade satisfactoria nos medios.

Propoñemos substituír o autoillamento pola preocupación polo ben común. Cada un de nós ten intentado obter algunhas migallas, pero traballando xuntos aumentaremos o tamaño do pastel.

É certo que o CID non é un sindicato, pero as súas seccións poden actuar como grupos de presión a nivel local e nacional. Teñen capacidade de persuasión, xa que a súa forza xorde do feito de que representan todo o espectro da danza.

Poden convencer ao contorno no que os bailaríns desenvolven a súa arte de que esta é esencial para o benestar de toda sociedade.

O CCG ORGANIZA UN TALLER DE TÉCNICA *RELEASE* A CARGO DE LIPI HERNÁNDEZ

Do 5 ao 9 e do 12 ao 16 de maio, a coreógrafa valenciana Lipi Hernández impartirá un curso de técnica *release* dirixido a bailaríns e outros profesionais das artes do movemento. O taller terá lugar no Centro Coreográfico Galego e o prazo para inscribirse está aberto até o 30 de abril.

A técnica *release* consiste nun traballo de aliñación do corpo baseado no coñecemento anatómico do esqueleto, o que nos permite tomar conciencia do seu funcionamento e empregalo cunha maior liberdade. O curso pretende ser un laboratorio das posibilidades do movemento e da expresión a través do corpo escénico. O obxectivo principal é o de acadar a apropiación persoal do corpo e abrir procesos creativos que acheguen as posibilidades de comunicación que ten a danza.

A encargada de impartilo, Lipi Hernández, é unha profesional da danza cunha prolífica traxectoria. Foi asistente de dirección e coreografía nas compañías Lanónima Imperial e Sol Picó, e co-fundadora de ADAC –Asociación para o Desenvolvemento de Actividades Culturais- e do espazo de creación La Caldera. Fundou a compañía de danza Malqueridas, onde traballou como bailarina e coreógrafa. Desenvolve tamén un importante traballo como pedagoga.

+ info en www.centrocoreografico.org



CCG E MERCAT DE LES FLORS DOTAN DE CONTIDOS DE DEBATE AO MOV-S GALICIA 2008

O Centro Coreográfico Galego e o Mercat de les Flors de Barcelona puxeron en marcha o Mov-s Galicia 2008, unha iniciativa para o encontro e o debate, que este ano se celebrará na Illa de San Simón (Redondela) do 15 ao 18 de xuño e que pretende abordar cuestións arredor das condicións óptimas para que o proceso de creación se inicie con garantías de calidade.

O Mov-s celebrou a súa primeira edición en 2007 e ten vocación de ser itinerante por diversas cidades españolas. San Simón acollerá este ano a iniciativa cunha serie de actividades inseridas no evento, todas elas sobre o tema: «As condicións para a creación coreográfica». O Mov-s Galicia 2008 estrutúrase en dúas mesas de debate e unha serie de grupos de traballo relacionados coas mesas, máis íntimos e próximos, un espazo para intercambiar opinións e experiencias. Haberá tamén presentacións de proxectos e reunións paralelas entre



os axentes involucrados na creación coreográfica.

A primeira mesa de debate tocará asuntos como o contorno e o acompañamento artístico, o coñecemento e o intercambio con outras culturas e as complicitades artísticas e o fenómeno de Flandes. A segunda mesa xirará sobre as condicións para a creación coreográfica a partir das políticas culturais, as estruturas facilitadoras da creatividade e a documentación e a memoria da danza.
+ info en: www.mov-s.org

BRAGANÇA E RIBADAVIA INCORPÓRANSE Á XIRA DE «KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS»

A localidade portuguesa de Bragança e a vila ourensá de Ribadavia incorpóranse á extensa xira da produción do CCG *Kiosco das almas perdidas*, con dúas funcións que terán lugar os vindeiros 29 de maio e 25 de xullo, respectivamente.

O espectáculo dirixido por Roberto Oliván e con música en directo de Mercedes Peón colleitou un grande éxito de público en todas as repre-

sentacións que levou a cabo no pasado marzo na Coruña, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Xixón e Santiago de Compostela.

Dentro do presente mes de abril, esta peza, que recrea o ambiente do mítico lugar do porto do Berbés, en Vigo, ao que fai referencia o seu título, poderá verse en Narón (día 5, Auditorio Municipal), Cádiz (Teatro Manuel de Falla, día 11), Reus (Teatro Fortuny, días 18 e 19), Sevilla (Teatro Central, días 25 e 26) e Tui (Teatro Municipal Área Panorámica, día 30).

**«ESTIGMA» ESTRÉASE
O 2 DE MAIO BAIXO A
DIRECCIÓN DE DANI SALGADO**

O próximo 2 de maio o Salón Teatro de Santiago acolle a estrea da produción *Estigma*, resultado do proxecto de dramaturxia residente *Drama3*, iniciado no verán de 2007 como exercicio de escritura a tres bandas a cargo dos autores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, último Premio Nacional de Literatura Dramática. Dani Salgado, coordinador do proceso de construción literaria, asume tamén a dirección escénica de *Estigma*, en tanto que María Tasende Coteló, Clara Gayo, Xosé Manuel Esperante, Xavier Deive e Vicente de Souza conforman o elenco actoral.

Outros membros do equipo artístico que traballan na montaxe do espectáculo son Joan Galí (deseño de espazo escénico, vestiario e atrezzo), Baltasar Patiño (deseño de iluminación), Dolores Centeno (maquillaxe), Alex Rademakers e Francesc Sitges (audiovisual e espazo sonoro) ou Andreu Raich (movemento escénico).

A trama sitúase nunha illa case deserta na que, trala erupción dun

volcán, unha muller investiga unha masacre, dous irmáns enfrontan o destino que levan marcado na pel, unhas voces do pasado interfíren no presente dunha parella e, baixo a sombra dunha figueira, aparece un descoñecido. Morte, terra e memoria son os elementos que guían esta nova proposta do CDG a través dunha peza chea de suspense.

A compañía institucional pechará a temporada 2007-2008 con *Estigma*, que se representará no Salón Teatro até o 18 de maio e comezará despois unha xira polos escenarios de Tui, Narón, O Barco, Vigo, Ribadeo, Ferrol, Vilagarcía, A Coruña, etc., até finais do mes de xullo.

**O SALÓN TEATRO ORGANIZA
UN XOGO DE ROL SOBRE
«VALDEMULLER»**

O CDG desenvolve no Salón Teatro, todos os sábados e domingos até o 20 de abril, un xogo de rol como actividade complementaria ás funcións para público familiar da súa produción *Valdemuller*. O xogo, que leva por título *O misterio de Valdemuller*, dá comezo cada día dos sinalados ás 16.45 horas, ten unha duración duns 60 minutos e nel poden participar nenos e nenas a partir de 8 anos mediante a súa inscrición ao mercar a entrada ao espectáculo.

Baixo o lema 'O Salón Teatro xoga', a iniciativa pretende implicar aos rapaces nas artes escénicas dun xeito novidoso e divertido. O xogo parte da idea de que, aínda que se sabe que existe, ninguén estivo nunca en Valdemuller, ninguén coñece as súas rúas e a súa veciñanza, ninguén sabe como son as súas casas, o seu cheiro ou a súa cor. Trátase de descubrir este misterio. Divididos en grupos, os xogadores terán que seguir os sinais e rastrexar polo chan e paredes das rúas e do propio teatro, na pescuda de Valdemuller. As pistas xirarán tanto arredor da lectura -diante a resolución de criptogramas-, como de probas de equipo (algunhas relacionadas con elementos escénicos: maquillaxe, canto, descubrimento corporal...). O xogo remata no patio de butacas, coa posta en escena da propia obra, que dá comezo ás 18.00 horas.

Tralas funcións de Santiago, *Valdemuller* continuará as súas representacións por O Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Ribadeo e



Cabezas dos monicreques de Valdemuller durante a súa construción

Ferrol. A produción viaxará tamén a Valencia como parte da programación do Teatro Escalante, especializado en propostas escénicas dirixidas ao público infantil e xuvenil.

«SALTIMBANQUI» E «O MAL DA VACA», PREMIOS DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO

O xurado do Segundo Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico decidiu por maioría outorgarlle o galardón da edición 2008 á obra *O mal da vaca*, escrita por Begoña García Ferreira. O premio da audiencia foi para *Saltimbanqui*, de Lois Pérez Díaz, que sumou 299 votos, dos máis de 600 recibidos tanto por teléfono como por correo electrónico.

O xurado, no que participou a directora do Centro Dramático Galego, destacou de *O mal da vaca* que é unha comedia fresca, ben estruturada, cuns diálogos coidados, mediante os que se constrúen uns personaxes matizados e complexos. Tamén manifestou que sobresaí o tratamento da sociedade rural afastado do costumismo. A súa autora, Begoña García Ferreira, naceu en Santiago de Compostela, estudou Xeografía e Historia e na actualidade amplía coñecementos en arqueoloxía na República Checa. Traballa en Praga

como profesora de español. Ten participado en varias obras de teatro universitario e foi compoñente da compañía profesional Cachuzo Teatro. *O mal da vaca* é a súa primeira obra dramática para radio.

O gañador do premio da audiencia, Lois Pérez Díaz, naceu en Lugo onde exerce como mestre de primaria. É o primeiro premio literario no que participa. Mantén un blog en internet co título *Escritos urxentes*.

Os dous textos gañadores e os outros dous finalistas: *Ola Silvia, estás aí?* de Fátima Rodríguez Figueiras e *Último capítulo*, de Roi Vidal Ponte, publicáranse por Edicións Xerais nun libro-cd. A presentación deste libro e a entrega do premio -que conta co patrocinio da Consellaría de Cultura e Deporte- terá lugar o vindeiro 17 de abril nunha gala que se celebrará no Teatro Principal de Pontevedra. A dramatización das obras, proceso que coordinou o CDG, emitíuse en diferentes programas da Radio Galega entre o 11 e o 28 de marzo. Dirixidas por Quico Cadaval, foron interpretadas, entre outros, por Manuel Lourenzo, Rebeca Montero, Belén Constenla, Marcos Orsi, Xosé Manuel Olveira "Pico", Xan Cejudo, Pilar Pereira e Rosa Álvarez.

+ info en www.crtvg.org

O CDG AGRADECE OS NOVE PREMIOS MARÍA CASARES ACADADOS

O CDG, a través da súa directora, Cristina Domínguez, expresa o seu agradecemento a todos os profesionais da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) que refrendaron cos seus votos o traballo desenvolvido pola compañía institucional neste último ano, o que se traduciu na consecución dun total de nove premios María Casares para dúas montaxes: *Noite de Reis.Ou o que queirades* e *A piragua*.

O agradecemento faise extensivo a todo o público galego, que apoiou coa súa presenza o éxito das dúas producións galardoadas, así como ao labor concreto dos profesionais que contribuíron ao bo resultado nas distintintas disciplinas premiadas.

Os espectáculos do Centro Dramático Galego *Noite de Reis.Ou o que queirades* e *A piragua* foron recoñecidos cun


total de nove galardóns na gala dos XII Premios de Teatro María Casares, celebrada o pasado 27 de marzo no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. *Noite de Reis. Ou o que queirades*, versión da obra de Shakespeare a cargo de Quico Cadaval, conseguiu cinco dos nove galardóns aos que optaba, entre eles o de Mellor Espectáculo. Logrou, así mesmo, o de Mellor Dirección para Quico Cadaval, Mellor Actor Secundario para Xan Cejudo, Mellor Escenografía para Baltasar Patiño e Mellor Vestiario para Gilda Bonpresa.

Pola súa banda, Cândido Pazó recibiu o premio ao Mellor Texto Orixinal por *A piragua*, obra resultante da primeira experiencia de autoría residente do CDG, que acadou tamén outros tres galardóns: Mellor Actriz Protagonista para Susana Dans, Mellor Música Orixinal para Manuel Riveiro Hermo e Mellor Iluminación para Afonso Castro.

Susana Dans, premiada co María Casares á Mellor Actriz Protagonista, e Ricardo de Barreiro, en *A Piragua*



editores novidades



Obra dramática

Francisco Taxes

Edición de Xurxo Taxes Díaz / Colección Biblioteca das Letras Galegas / Edita: Edicións Xerais de Galicia / ISBN: 978-84-9782-700-3 / PVP: 22 euros

«Escritor maldito nunha cultura tanto tempo maldita», como o describiu Manuel Rivas en 1978, o escritor e guionista de cine Francisco Taxes Prego (A Coruña, 1940-2003) apostou nos seus textos por un teatro popular, comprometido e divertido. Este volume, que recolle a súa produción dramática ao completo, inclúe dúas obras inéditas, *Caderno de bitácora* –representada polo CDG en 1985– e a persoal e transgresora *Elas* (1997).

Se o sei... non volvo á casa / A taberna sin dono

Manuel Daniel Varela Buxán

Edición de José Luna / Colección Biblioteca das Letras Galegas / Edita: Edicións Xerais de Galicia / ISBN: 978-84-9782-699-0 / PVP: 18 euros

A figura de Manuel Daniel Varela Buxán (1909-1986) é a dun dramaturgo galego de obra prolífica que cumpría revisitar. Ofrecense nesta edición senllas pezas clave na súa bibliografía: *Se o sei... non volvo á casa* e mais *Taberna sin dono*, acompañadas dun estudo crítico preparado por Xosé Luna Sanmartín e enriquecidas coa inclusión de abondoso material fotográfico e documental.

Auto chamado dos Enfatriões

Luis de Camões

Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 53 (serie verde: literatura teatral en lingua portuguesa) / Edita: Universidade da Coruña / ISBN: 978-84-9749-270-6 / PVP 14 euros

O *Auto chamado dos Enfatriões* é una das tres pezas que compoñen a produción teatral de Luís de Camões, onde fusiona a herdanza do teatro de Gil Vicente coa comedia renacentista de inspiración clásica.

O divino sainete (adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez)

Marica Campo

Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 54 (serie azul: literatura teatral galega) / Edita: Universidade da Coruña / ISBN: 978-84-9749-277-5 / PVP 12 euros

O Divino Sainete é o segundo e último libro publicado en lingua galega por Manuel Curros Enríquez. Sobre este poema, a escritora Marica Campo realiza esta adaptación teatral, que conmemora o centenario do falecemento do poeta.

Ao vivo música


Edita: IGAEM / Nº 1 / marzo 08
Edición non venal

O IGAEM edita esta nova publicación semestral de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito nos locais da Rede Galega de Música ao Vivo. Neste primeiro número, a revista dedica a súa portada ao grupo vigués The Blows e queda xa estruturada coas súas seccións fixas (*Tesouros soterrados*, *Un día con*, *A máquina do tempo...*), así como coa carteleira da RGMV, con entrevistas e reportaxes variables e con colaboracións de profesionais do sector musical.

Enquisa de satisfacción do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2008

Edita: IGAEM (dispoñible en www.igaem.xunta.es) / Edición non venal

Segunda edición deste estudo realizado polo IGAEM e a empresa de investigación social Cidadanía co obxectivo de coñecer polo miúdo as valoracións e opinións dos espectadores asistentes aos espectáculos das compañías galegas programadas nos espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o segundo semestre de 2007.

02 MÉRCORES	 <i>Fulano, mengano e citano</i>		 <i>Sapristi</i>		Pistacatro Productora de Soños <i>Swing Guitars</i> Santiago 22.00 h SALA NASA		SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA	CDG <i>Valdemuller</i> 11.00 h FUNCIÓN ESCOLAR	02 MÉRCORES	
03 XOVES					Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Mondoñedo 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL PASCUAL VEIGA			CDG <i>Valdemuller</i> 11.00 h FUNCIÓN ESCOLAR	03 XOVES	
04 VENRES	Creacións Máxicas <i>Armas baixo control</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO DE VILAGARCÍA	Títeres Cachirulo <i>Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Sapristi <i>Ó son das cousas</i> As Pontes 18.00 h CINE ALOVI	Chrystyan Magic <i>Segredos dun mago</i> Culleredo 19.00 h EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA	Bacana <i>Hendaya Mon Amour</i> Foz 21.00 h SALA BAHÍA		Disque Danza <i>Menú vexetal (dáme verde)</i> Tui 20.00 h TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA	CDG <i>Valdemuller</i> 11.00 h FUNCIÓN ESCOLAR	04 VENRES
05 SÁBADO	Javier Muro <i>Maxilusión</i> Vilalba 20.30 h AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ EGUIAGARAY	Luis Boyano <i>Con todo corazón</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO DE VILAGARCÍA	Galitoon <i>Golulá</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Grupo de Música Antiga <i>Martín Códax</i> <i>Que Eu Sei Muít</i> Sada 20.00 h / CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Pistacatro Productora de Soños <i>Kamikaze</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	O Mago Teto <i>Tolemaxias</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	CDG <i>Valdemuller</i> 18.00 h	05 SÁBADO	
										
06 DOMINGO	Os Monicreques de Kukas <i>Sen Título 4x8x6 (técnica mixta) ...</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	La Imagina Machina <i>Ubú Rei</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	K Producciones <i>Cantando baixo las balas</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	Títeres en Acción <i>A extraña viaxe</i> A Coruña 12.00 e 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	SALÓN TEATRO				CDG <i>Valdemuller</i> 18.00 h	06 DOMINGO
08 MARTES	 <i>La imagina machina</i>		Talía Teatro <i>Quero ser grande</i> Noia 11.30 h TEATRO COLISEO NOELA							08 MARTES
09 MÉRCORES			Pistacatro Productora de Soños <i>Swing Guitars</i> Santiago 22.00 h SALA NASA							09 MÉRCORES
